



A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LAXE retomou as clases dun novo curso escolar 2022-2023 o pasado mes de outubro. Preto de 60 persoas forman o seu alumnado. En funcionamento dende o ano 2004, pretende facilitar a aprendizaxe musical aos veciños e veciñas do concello dende os 5 anos de idade, sen establecer un límite de idade máxima, coa intención de fomentar a creación e a demanda cultural musical da veciñanza laxense, contribuíndo deste xeito ao enriquecemento da vida cultural de todo o concello.

Como mostra da labor de apoio á creación cultural, dende o Departamento de Cultura e Turismo do Concello de Laxe, hoxe temos o pracer de presentarvos este proxecto, que nace neste ano 2022, froito da coordinación entre o profesor da Escola Municipal de Música e a Concellaría de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura.

Para a súa realización, contamos coa colaboración de diferentes músicos e parte alumnado da Escola Municipal de Laxe, así como co apoio no seu financiamento por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Agardamos desfrutedes desta videomontaxe, nacida a partir da musicalización por parte de Víctor M. García Pose deste poema do noso autor poeta local máis recoñecido, Antón Zapata García, que leva por título "Romeiría Aldeán", e que se acompaña e complementa con imaxes históricas da nosa vila pertencentes ó Fondo fotográfico municipal J.A. Vidal e tamén actuais, nas que participan directamente alumnos e alumnas da Escola Municipal de Música.

En especial, o noso agradecemento a todas as persoas que fixeron posible o proxecto:

- Letra: poema do poeta laxense Antón Zapata (1886-1953) musicalizado por Víctor M. García Pose e Anxo Souto. (Na páxina 73 e 74 reedición do poemario "A Roseira da Soidade" realizada polo Concello de Laxe no 2004 coa editorial Edicións Xerais de Galicia)
- Voz: Víctor M. García Pose, profesor da Escola Municipal de Música do Concello de Laxe
- Guitarras/baixo: Anxo Souto
- Trompeta: Eduardo Cundíns
- Batería: Miguel Cabana
- Técnico de son: Manolo J. Dourado Martínez
- Participantes na toma de imaxes actuais:
 - Noé Vigo, Breogán e Nuno Tirado, Mario Mira, Mirco Simal,
 - Blanca Charlín, Vera Devesa, Aroa Rey e Carmen Toja.(Todos eles/as alumnado da Escola Municipal de Música de Laxe)
- Gravación: estudos da "Escola de A Rúa" (Carballo)
- Deseño e maquetación: Basilio Bello